

4.6. outros indicadores de benestar social

■ A análise do capítulo 4.- Sector público e benestar social pode rematarse coa presentación dunha serie de indicadores que resultan de interese para coñecer a “saúde” dunha determinada sociedade. Estes indicadores englobanse en catro grandes apartados: o consumo, a vivenda, a cultura e ocio e a participación cívica.

Consumo

Esta análise do consumo está dividida en dous grandes apartados nos que se estudia, por unha banda, a renda familiar bruta dispoñible e o gasto medio anual por persoa, a partir dos datos facilitados polo INE e polo Funcas, e pola outra, coméntanse os datos da protección ó consumidor, tomando como indicadores o número de consultas e reclamacións atendidas no Instituto Galego de Consumo, e a actividade dos colexios arbitraris da Xunta de Galicia.

• *Renda familiar bruta dispoñible e gasto medio anual por persoa*

O comportamento do consumo privado está ligado á evolución da renda familiar bruta dispo-

ñible, que indica o poder de compra das familias. O **cadro C.5.14.** (*PIB e Renda familiar bruta dispoñible por habitante nas CC.AA. 2001-02*) reflicte que a RFBD por habitante medrou en Galicia no ano 2002 un 6,8% para situarse nos 11.291,87 euros.

Comparado co total estatal, a renda familiar bruta dispoñible por habitante en Galicia acadou o 91,5% do valor medio de España (12.342,55 euros), o que supón unha medra de 0,9 puntos porcentuais en relación ó ano anterior.

O gasto medio anual por persoa en Galicia no ano 2002, segundo os datos do INE, foi de 6.420,17 euros, un 8,6% menos do gasto medio por persoa para o conxunto do Estado (7.023,75 euros). Tal e como amosa o **cadro 4.6.1.**, en termos absolutos, o gasto medio anual por persoa en Galicia é superior ó rexistrado en Andalucía, Extremadura, Murcia e Ceuta e Melilla. En termos de crecemento, Galicia experimenta un crecemento superior á media española (4,9% e 3,9%, respectivamente), sendo superada por Extremadura, Baleares, Castela e León, Canarias e a C. Valenciana.

CADRO 4.6.1.

Gasto medio por persoa nas CC.AA. de residencia 2001-02: gastos totais, en alimentación e resto de gastos

	2001			2002			02/01		
	Total	Alimentos, bebidas e tabaco	Resto	Total	Alimentos, bebidas e tabaco	Resto	Total	Alimentos, bebidas e tabaco	Resto
				(Gasto medio por persoa en €)					
Andalucía	6.088,54	1.269,01	4.819,52	6.309,61	1.350,20	4.959,41	3,6	6,4	2,9
Aragón	7.151,08	1.547,99	5.603,09	7.469,43	1.537,71	5.931,73	4,5	-0,7	5,9
Asturias	6.977,21	1.398,06	5.579,15	6.867,72	1.445,63	5.422,11	-1,6	3,4	-2,8
Baleares	7.297,81	1.239,68	6.058,13	8.066,53	1.446,77	6.619,77	10,5	16,7	9,3
Canarias	6.021,82	1.262,28	4.759,54	6.427,84	1.347,51	5.080,33	6,7	6,8	6,7
Cantabria	7.477,33	1.529,54	5.947,79	7.836,37	1.767,03	6.069,34	4,8	15,5	2,0
Castela e León	6.043,45	1.318,86	4.724,59	6.645,19	1.479,95	5.165,24	10,0	12,2	9,3
Castela - A Mancha	5.708,09	1.257,53	4.450,55	5.854,35	1.340,29	4.514,06	2,6	6,6	1,4
Cataluña	7.468,08	1.528,10	5.929,98	7.553,46	1.578,10	5.975,37	1,3	3,3	0,8
Comunidade Valenciana	6.426,74	1.279,01	5.147,73	6.779,08	1.418,48	5.360,60	5,5	10,9	4,1
Extremadura	4.963,57	1.280,96	3.682,61	5.504,63	1.256,35	4.248,28	10,9	-1,9	15,4
Galicia	6.120,71	1.451,81	4.668,90	6.420,17	1.593,04	4.827,13	4,9	9,7	3,4
Madrid	8.079,32	1.364,46	6.714,87	8.318,04	1.467,69	6.850,35	3,0	7,6	2,0
Murcia	6.195,18	1.588,34	4.606,84	6.414,02	1.580,74	4.833,28	3,5	-0,5	4,9
Navarra	8.095,35	1.472,44	6.622,91	7.912,47	1.354,01	6.558,47	-2,3	-8,0	-1,0
Pais Vasco	7.790,07	1.497,45	6.292,62	8.081,75	1.610,42	6.471,33	3,7	7,5	2,8
A Ríoxa	7.133,60	1.492,29	5.641,31	7.194,80	1.582,68	5.612,12	0,9	6,1	-0,5
Ceuta e Melilla	6.704,37	1.192,71	5.511,66	6.241,32	1.225,04	5.016,27	-6,9	2,7	-9,0
Total	6.757,13	1.376,23	5.380,90	7.023,75	1.462,48	5.561,27	3,9	6,3	3,4

Fonte: INE, Encuesta Continua de Presupuestos familiares

CADRO 4.6.2.
Consultas, reclamacións e denuncias presentadas en materia de consumo 2001-02

	2001	2002	02/01 (%)
Consultas	16.437	7.951	-51,6
productos alimenticios	1.777	155	-91,3
productos industriais	4.045	1.473	-63,6
sector servicios	10.615	6.323	-40,4
Reclamacións / Denuncias	6.996	9.832	40,5

Fonte: Instituto Galego de Consumo

CADRO 4.6.3.
Arbitraje de consumo 2001-02: solicitudes presentadas diante da Xunta Arbitral de Consumo

	Solicitudes presentadas	Solicitudes resoltas			Cuantía media das reclamacións (en €)	Empresas adheridas á Xunta Arbitral de Consumo
		por mediación	por laudo	total		
2001	2.229	191	841	1.032	458	3.709
2002	2.887	75	1.159	1.234	472	5.582
01/00 (%)	29,5	-60,7	37,8	19,6	3,1	50,5

Fonte: Instituto Galego de Consumo

Deses 6.420,17 euros, Galicia dedica un 24,8% á compra de alimentos, bebidas e tabaco, sendo a comunidade coa maior porcentaxe de gasto nestes produtos. En España, esta porcentaxe ascende ó 20,8%. Comparado co ano anterior, o gasto medio nestes produtos medrou en Galicia un 9,7% respecto ó ano anterior fronte ó 6,3% do conxunto estatal.

• Protección ó consumidor

Os servicios do Instituto Galego de Consumo atenderon ó longo do ano 2002 un total de 7.951 **consultas formuladas** polos consumidores e usuarios. O sector servicios foi o que máis consultas acaparou, co 79,5% das mesmas, seguido das consultas relacionadas cos produtos industriais, co 18,5%, e os produtos alimenticios, co 2,0% das consultas recibidas.

En relación ós **sectores** que máis solicitudes de información tiveron, cómpre salientalos relativos á vivenda (tanto a venda e alugueiro como a reparación da mesma), con 939 consultas, os servicios de ensino, con 949 consultas, os servicios de telecomunicacións, con 939 consultas, e a venda e reparación de automóbiles, con 536 consultas.

No concenrente ó número de **reclamacións atendidas**, estas ascenderon a 9.832 fronte ás 6.996 do ano anterior, o que supón un incremento do 40,5%. Esta medra débese fundamentalmente ó conflito xurdido coas academias de idiomas que pecharon os seus establecementos en Galicia. Por provincias, A Coruña e Pontevedra son as que máis denuncias rexistraron, con 4.348 (44,2%) e 3.352 (34,1%), respectivamente.

Os servicios seguen sendo o sector con maior número de reclamacións, salientando o subsector das telecomunicacións, con 2.371 reclamacións. Séguenlle en importancia en canto ó número de queixas o ensino, con 1.637 reclamacións rexistradas, a venda de e reparación de automóbiles, con 413, e a vivenda, con 334 reclamacións.

Ó longo do ano 2002 aumentou a **actividade dos colexios arbitrais** dependentes da Xunta de Galicia. En 2002 adheríronse 1.873 empresas e profesionais á Xunta Arbitral de Consumo, polo que en total figuraban adheridas ó sistema arbitral de consumo en Galicia 5.582 empresas e profesionais.

Tal e como reflicte o **cadro 4.6.3.**, o número

CADRO 4.6.4.

Vivendas financiadas en Galicia e España 2002: distribución segundo modalidades de actuacións protexidas

	Galicia	España
Vivendas protexidas de nova construción		
Para venda		
V.P. Agás R.E.	2.388	41.150
Réxime Especial	40	7.227
Para aluguer		
A 10 anos	19	2.424
A 25 anos	44	4.412
Cofinanciación de VPO de promoción pública		
Para aluguer	-	113
Adquisición doutras vivendas existentes	417	7.739
Rehabilitación		
Áreas	605	9.063
Edificios (en nº de viv.) e vivendas		
Conservación	990	26.544
Resto	80	1.763
Solo		
Áreas de Urbanización prioritaria		
Subvención	-	2.170
Subsidiación	-	-
Outras actuacións de urbanización		
Subvención	1.874	7.585
Subsidiación	-	9.527
Total vivendas	4.583	100.435
Total solo	1.874	19.282
Total vivendas+solo	6.457	119.717

(1) Están incluídas aquelas vivendas protexidas que pasaron ó programa 2002 do Plan 1998-2001 ó amparo da Disposición Transitoria 2ª do R.D. 1/2002, de 11 de xaneiro.

Fonte: Ministerio de Fomento, Dirección General de la Vivienda, la Arquitectura y el Urbanismo

de solicitudes presentadas ante a Xunta Arbitral de Consumo de Galicia no ano 2002 ascendeu a 2.887, o que significa un aumento do 29,5% respecto ó ano anterior. Destas reclamacións admitidas a trámite, o 33% foron arquivadas.

Das 1.234 solicitudes resoltas no ano 2002, a meirande parte das mesmas o fixeron por laudo, 1.159, dos que o 86,4% (1.002) foron adoptados por unanimidade, 110 por conciliación (9,5%) e 47 (4,1%) por maioría. En relación ós prazos dos laudos, os laudos dictados antes do transcurso dun mes, representaron o 33,7% (391); e os dictados antes da finalización do segundo mes, o 64,2% (744).

Os sectores máis significativos en canto á incidencia das reclamacións, dentro dos que voluntariamente se adheriron ó sistema de arbitraje, foron a telefonía, con 936 reclamacións, o ensino, con 403 reclamacións, e as tinturerías, con 242 reclamacións.

Finalmente, a contía media das reclamacións presentadas no ano 2002 foi de 472 euros, fronte ás 458 euros do ano anterior.

Vivenda

Respecto a análise da vivenda, este apartado presenta, dunha banda, o número de vivendas financiadas en Galicia no ano 2002. Doutra banda, analízase o problema da accesibilidade á vivenda, tendo en conta a ratio custo laboral/hora efectiva e os prezos da vivenda, expresados en relación á media española (media española=100), así como o stock de vivendas en Galicia e o seu réxime de tenencia segundo os datos do *Censo de Poboación e Vivendas de 2001* (INE).

No ano 2002, o número de vivendas financiadas en Galicia, **cadro 4.6.4.**, ascendeu a 4.583, o que representa un crecemento do 4,6% do total estatal. Se se teñen en conta os datos de vivendas e solo, 6.457, esta porcentaxe é do 5,4%. Destas 4.583 vivendas financiadas, o maior número, con 2.388 vivendas, corresponde ás vivendas protexidas de nova construción (o 52,1% do total das vivendas financiadas no ano 2002), seguido pola rehabilitación de edificios e vivendas, con 1.070 vivendas financiadas.

Das 1.297.708 vivendas galegas segundo o

CADRO 4.6.5.
Vivendas nas CC.AA. 2001: distribución segundo o seu uso

	Total vivendas	Vivendas segundo o seu uso			
		Vivenda principal	Vivenda secundaria	Vivenda vacía	Outro tipo de vivenda
Andalucía	3.482.229	69,8	14,0	14,5	1,8
Aragón	650.011	68,5	17,7	12,5	1,3
Asturias	518.735	75,5	10,2	12,9	1,4
Baleares	495.079	62,3	19,1	16,1	2,5
Canarias	827.787	67,5	13,5	14,2	4,9
Cantabria	281.792	65,2	17,9	12,2	4,7
Castela e León	1.469.463	60,8	23,8	14,0	1,4
Castela - A Mancha	975.911	62,9	22,8	13,3	1,0
Cataluña	3.289.076	70,9	15,4	12,6	1,1
Comunidade Valenciana	2.525.659	59,4	22,1	16,5	2,1
Estremadura	586.689	62,7	18,2	17,7	1,3
Galicia	1.297.708	69,7	12,7	16,5	1,0
Madrid	2.497.300	75,5	11,6	11,7	1,1
Murcia	571.604	66,4	17,2	14,8	1,5
Navarra	257.565	73,6	11,6	13,0	1,8
País Vasco	886.733	84,0	5,4	9,7	0,9
A Ríoxa	165.659	61,5	22,3	15,2	1,0
Ceuta e Melilla	44.369	85,5	1,8	12,3	0,4
Total	20.823.369	68,5	16,0	13,9	1,6

Fonte: INE, Censo de Población y Vivendas 2001

CADRO 4.6.6.
Prezos da vivenda e salarios medios 2001-02

	Custo salarial total traballador/mes (media estatal = 100)	Prezos da vivenda			
		2001	2002	2001	2002
		(prezo medio / m ²)		(media estatal = 100)	
Andalucía	91,5	770,84	914,97	73,63	74,94
Aragón	98,5	878,26	1.013,62	83,89	83,02
Asturias	97,7	877,44	985,89	83,81	80,75
Baleares	83,8	1.358,51	1.525,95	129,76	124,98
Canarias	91,3	1.093,01	1.218,04	104,40	99,76
Cantabria	92,9	1.013,57	1.183,22	96,82	96,91
Castela e León	92,9	905,95	1.012,56	86,54	82,93
Castela - A Mancha	84,1	576,56	681,00	55,07	55,78
Cataluña	106,7	1.353,63	1.553,95	129,30	127,28
Comunidade Valenciana	88,6	748,21	877,26	71,47	71,85
Estremadura	81,2	505,06	557,25	48,24	45,64
Galicia	87,1	717,92	800,08	68,58	65,53
Madrid	119,5	1.604,84	1.973,78	153,29	161,66
Murcia	80,5	626,72	747,40	59,86	61,22
Navarra	110,2	1.135,07	1.290,22	108,42	105,68
País Vasco	116,5	1.650,61	1.900,44	157,66	155,66
A Ríoxa	91,0	926,28	1.061,41	88,48	86,93
Total	100	1.046,91	1.220,93	100	100

Fonte: Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico ; INE, Índice de costes laborales

Censo de 2001, o **cadro 4.6.5.** amosa que o 69,7% das mesmas corresponden ás vivendas principais, estando baleiras un 16,5% das vivendas galegas. No conxunto do Estado, a porcentaxe de vivendas que se usan como vivenda principal é do 68,5%, en tanto que están baleiras o 13,9% das vivendas. Comparado co resto das comunidades autónomas, cómpre salientar que Galicia é a segunda comunidade coa maior porcentaxe de vivendas baleiras, tan só superada por Estremadura, cun 17,7%.

O **cadro 4.6.6.** amosa que as comunidades autónomas que presentan maiores niveis salariais

(Madrid, País Vasco, Cataluña e Navarra) parecen reflectir á súa vez maiores prezos das vivendas, agás no caso de Canarias e sobre todo, Baleares. O índice custo salarial total por traballador e mes en Galicia acada en 2002 un valor de 87,1 e o índice de prezos da vivenda acada os 65,5 (media estatal igual a 100).

Comparado coas outras comunidades autónomas, o valor do índice de prezos da vivenda tan só supera o rexistrado para as comunidades de Estremadura (45,6) Castela a Mancha (55,8) e Murcia (61,2). No caso da relación custo salarial total por traballador e mes, o valor rexistrado en

Vivendas principais segundo o réxime de tenencia nas CC.AA. 2001

	Total	Propiedade	Aluguer	Outra forma
Andalucía	2.431.805	82,5	9,3	8,2
Aragón	445.255	84,5	10,2	5,3
Asturias	391.645	81,1	12,6	6,3
Baleares	308.625	74,0	20,2	5,8
Canarias	558.362	69,5	17,0	13,5
Cantabria	183.699	84,7	8,4	6,9
Castela e León	892.912	84,8	8,8	6,4
Castela - A Mancha	613.566	86,3	7,0	6,8
Cataluña	2.332.751	78,9	16,7	4,4
Comunidade Valenciana	1.499.711	86,4	8,4	5,2
Extremadura	368.072	81,8	8,8	9,4
Galicia	904.086	77,4	10,6	12,0
Madrid	1.885.817	81,9	13,8	4,4
Murcia	379.778	84,8	9,4	5,9
Navarra	189.632	87,4	7,9	4,7
País Vasco	745.144	89,0	7,3	3,8
A Ríoxa	101.877	86,3	8,5	5,2
Ceuta e Melilla	37.919	61,7	24,2	14,0
Total	14.270.656	82,0	11,5	6,5

Fonte: INE, Censo de Población y Viviendas 2001

Galicia só supera ó de Baleares (83,8), Extremadura (81,2), Murcia (80,5) e Castela a Mancha (84,1).

No concernente á vivenda e ó seu réxime de propiedade, o **cadro 4.6.7.** amosa que o réxime predominante e o da propiedade da vivenda. En Galicia, a porcentaxe de vivendas en propiedade e en aluguer é inferior ó rexistrado no conxunto do Estado, cun 77,4% e 10,6% en Galicia, respectivamente, fronte ós 82,0% e 11,5%, respectivamente, en España.

Comparado co total estatal, o devandito **cadro 4.6.7.** reflicte que Galicia é a cuarta comunidade autónoma coa menor porcentaxe de vivendas en propiedade, por diante tan só de Canarias (69,5%), Baleares (74,0%), e Ceuta e Melilla (61,7%).

Atendendo ó tamaño das vivendas, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, o groso das vivendas teñen entre 76 e 90 metros cadrados (29,2% en Galicia e 29,2% no conxunto do Estado). A principal diferenza nestas vivendas radica no caso das vivendas en réxime de aluguer, que no caso galego representan o 34,1% das vivendas en aluguer fronte ó 27,1% das vivendas en España.

Asemade, cómpre salientar que en Galicia, un 11,0% das vivendas teñen menos de 60 metros cadrados e un 26,1% teñen máis de 105 metros cadrados (14,3% e 21,8% de media en España).

No caso da vivenda de aluguer, o 18,7% das vivendas de aluguer teñen menos de 60 metros cadrados (28,5% en España) e un 11,3% das vivendas máis de 105 metros cadrados (9,9% no conxunto do Estado).

Cultura e ocio

O apartado dedicado á análise da cultura, tras presenta-la evolución dos diferentes programas dos presupostos da Xunta de Galicia nesta materia, analiza a actividade editorial ó longo dos dous últimos anos (libros e prensa escrita), a oferta e a demanda dos medios audiovisuais (artes escénicas, música clásica e moderna, radio e televisión, e cine).

Para a realización do mesmo, analízanse os datos facilitados nos presupostos Xerais da Xunta, a Sociedad General de Autores y Editores de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales (SGAE) e a Oficina de Justificación de la Difusión (OJD).

O **cadro 4.6.8.** reflicte o presuposto consolidado da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e a súa distribución por programas. Este presuposto ascendeu a 226.709,2 miles de euros no ano 2001, un 9,1% máis que no exercicio anterior, cando se dedicaron un total de 207.890,4 miles de euros.

Como recolle o **cadro 4.6.8.**, os programas cun maior presuposto son o de Radiodifusión e

**Presupostos consolidados da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo 2001-02:
distribución dos créditos por programas**

	2001	2002	02/01
	(en miles de €)		(%)
Dirección e Servizos Xerais de Cultura	27.823,3	20.919,0	-24,8
Bibliotecas	3.165,5	3.636,9	14,9
Arquivos e Museos	3.254,5	3.175,3	-2,4
Promoción, difusión e cooperación cultural	19.850,2	20.933,2	5,5
Audiovisual	6.117,7	7.579,4	
Teatro, música e danza	6.292,0	6.766,5	7,5
Patrimonio hist., artístico e arqueolóxico	16.377,6	17.864,1	9,1
Exposicións e artes plásticas	530,1	482,0	-9,1
Cobertura informativa e apoio a com. social	4.955,9	6.798,6	37,2
Radiodifusión e TVG	67.212,4	82.411,0	22,6
Ordenación e xestión do turismo	2.961,4	3.050,1	3,0
Xacobeo	25.314,3	25.342,4	0,1
Fomento e potencia. do turismo	22.104,3	27.531,0	24,6
Elaboración e difusión estatística	42,1	42,2	0,3
Plan Galego de I+D Técnico	1.889,2	177,5	
Total	207.890,4	226.709,2	9,1

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

TVG, con 82.411,0 miles de euros –que tería como obxectivos aporta-los recursos económicos complementarios para o funcionamento da CRTVG e das súas empresas, así como a dotación de medios materiais e técnicos necesarios para o mantemento das redes de radio e televisións institucionais que darán cobertura de recepción a todo o territorio de Galicia–, o de fomento e potenciación do turismo (27.531,0 miles de euros) e mailos programas do Xacobeo (25.342,4 miles de euros).

Comparado co ano anterior, cómpre salientalo incremento do importe dos programas de cobertura informativa e apoio á comunicación social, cun 37,2% máis, de fomento e potenciación do turismo (24,6%) e da Radiodifusión e TVG (un 22,6% máis).

Xunto á Consellería e o seu organismo autónomo, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), existen cinco sociedades públicas –S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Compañía de R.T.V.G., Turgalicia, S.A., Redes de Telecomunicación galegas, S.A. (RETEGAL) e a fundación pública cidade da cultura– cun presuposto total no ano 2002 de 179.394,7 miles de euros (5.574,7 miles de euros o IGAEM e 173.820,0 miles de euros as sociedades públicas) fronte ós 176.739,1 miles de euros.

• A actividade editorial

Ó longo do ano 2002 a produción editorial

en galego ascendeu a 1.373 títulos (o 2,1% dos títulos publicados no conxunto do Estado e o 63,7% dos libros e folletos producidos en Galicia) o que significa un crecemento do 11,5% respecto ó ano anterior, e o número de exemplares foi de 7.273 miles (o 3,2% do conxunto do Estado), un 218,3% inferior ó rexistrado no ano 2001. A súa tirada media foi de 5.297 exemplares por título, fronte ós 1.856 exemplares do ano anterior.

Da produción editorial total en España (66.780 títulos publicados), o **cadro 4.6.9.** reflicte que se editan en castelán o 78,8% dos títulos, un 11,4% en catalán, e un 1,5% en euskera. Comparado co ano anterior, o devandito cadro amosa unha medra no número total (6,8%), sendo esta porcentaxe do 13,9% no caso dos títulos publicados en catalán, do 10,5% no caso do euskera, e dun 6,3% no dos títulos publicados en castelán.

En relación ó número de exemplares, o **cadro 4.6.9.** reflicte, a diferenza do acontecido no ano anterior, unha medra do número de exemplares en castelán, en galego, catalán e euskera. O **cadro 4.6.10.** amosa o número de títulos e exemplares traducidos ó longo dos anos 2001 e 2002. No último ano traducíronse ó galego un total de 31 libros (17 menos que no 2001), sendo o número de exemplares de 139 (129 no ano 2001).

Atendendo á produción editorial nas diferentes comunidades autónomas, o **cadro 4.6.11.**

CADRO 4.6.9.

Producción editorial 2001-02 títulos e nº de exemplares: distribución segundo o idioma da publicación

	Títulos publicados			Nº de exemplares		
	2001	2002	02/01 (%)	2001	2002	02/01 (%)
Castelán	49.500	52.598	6,3	184.132	187.748	2,0
Catalán, valenciano e balear	6.669	7.598	13,9	15.486	17.202	11,1
Galego	1.231	1.373	11,5	2.285	7.273	218,3
Euskera	885	978	10,5	1.514	1.744	15,2
Outros idiomas ou dialectos nacionais	89	88	-1,1	74	125	68,9
Alemán	172	150	-12,8	421	470	11,6
Francés	254	280	10,2	919	1.079	17,4
Inglés	1.118	1.021	-8,7	2.915	2.933	0,6
Outros idiomas estranxeiros	896	749	-16,4	6.943	5.567	-19,8
En dous ou máis idiomas	1.711	1.945	13,7	3.889	4.449	14,4
Total títulos publicados	62.525	66.780	6,8	218.578	228.590	4,6

Fonte: INE, *Estadística de la producción editorial de libros*

CADRO 4.6.10.

Nº de títulos e exemplares traducidos 2001-02: distribución segundo idioma orixinal

	Títulos			Exemplares		
	2001	2002	02/01 (%)	2001	2002	02/01 (%)
Castelán	705	740	5,0	1.810	2.136	18,0
Catalán, valenciano e balear	121	177	46,3	284	450	58,5
Galego	48	31	-35,4	129	139	7,8
Euskera	23	37	60,9	116	85	-26,7
Outros idiomas ou dialectos nacionais	2	3	50,0	2	8	300,0
Alemán	683	631	-7,6	2.986	3.372	12,9
Francés	1.104	1.213	9,9	5.158	5.705	10,6
Inglés	5.742	6.349	10,6	37.339	38.358	2,7
Outros idiomas estranxeiros	900	1.025	13,9	5.246	4.252	-18,9
En dous ou máis idiomas	29	38	31,0	509	236	-53,6
Total títulos publicados	9.357	10.244	9,5	53.579	54.741	2,2

Fonte: INE, *Estadística de la producción editorial de libros*

reflicte que Galicia segue sendo, ó igual que no ano anterior, a sétima comunidade en canto ó número de títulos publicados, por detrás de Andalucía, Castela e León, Cataluña, a C. Valenciana, Madrid e o País Vasco. No caso do número de exemplares, por mor do importante crecemento do ano 2002, sería a cuarta comunidade, por detrás de Castela e León, Cataluña e Madrid.

Respecto á prensa escrita, o **cadro 4.6.12.** amosa que en Galicia no ano 2002 La Voz de Galicia segue sendo o principal xornal galego pola súa tirada (130.728 exemplares diarios) e difusión (110.825 exemplares), datos que o converten no décimo segundo diario en importancia a nivel estatal. Séguelle en importancia o Faro de Vigo, cunha tirada de 50.635 exemplares e unha difusión de 42.794 exemplares.

O grao de penetración dos diferentes medios de comunicación está reflectido no **cadro 4.6.13.**

No caso dos medios de comunicación escritos (diarios, suplementos e revistas) Galicia presenta un maior grao de penetración que no caso estatal no caso dos diarios e suplementos, ó contrario do acontecido no caso das revistas. Comparado cos datos do ano anterior, no ano 2002 constátase en Galicia un aumento no grao de penetración dos tres medios de comunicación considerados.

Comparado coas outras comunidades, o devandito cadro reflicte que Galicia é a décimo primeira comunidade con maior penetración no caso dos suplementos, e a décimo segunda no caso dos diarios. Pola contra, no caso das revistas, Galicia é a comunidade autónoma con menor grao de penetración.

• *Os medios audiovisuais*

Atendendo ó **cadro 4.6.13.**, o grao de penetración deste medio, medido pola porcentaxe de persoas que asistira o cine polo menos unha vez

CADRO 4.6.11.

Producción editorial nas CC.AA. 2001-02: títulos e exemplares

	Total						Libros						Folleto					
	Títulos		Exemplares (1)		Títulos		Exemplares (1)		Títulos		Exemplares (1)		Títulos		Exemplares (1)			
	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002		
Andalucía	4.399	4.679	4.747	5.309	3.954	4.125	4.233	4.627	445	554	514	681	445	554	514	681		
Aragón	1.487	1.357	5.562	2.457	1.281	1.051	5.098	1.854	206	306	465	603	206	306	465	603		
Asturias	819	763	971	949	708	642	853	802	111	121	118	147	111	121	118	147		
Baleares	701	843	1.022	1.262	597	700	861	1.052	104	143	161	211	104	143	161	211		
Canarias	640	631	739	806	549	532	603	660	91	99	136	146	91	99	136	146		
Cantabria	375	475	584	890	326	393	537	742	49	82	46	148	49	82	46	148		
Castela e León	2.687	2.741	5.729	6.962	2.319	2.340	4.532	5.758	368	401	1.198	1.204	368	401	1.198	1.204		
Castela - A Mancha	761	810	1.438	1.527	651	669	1.241	1.212	110	141	197	315	110	141	197	315		
Cataluña	18.983	21.185	95.438	94.972	16.662	18.359	87.891	84.709	2.321	2.826	7.547	10.262	2.321	2.826	7.547	10.262		
C. Valenciana	4.323	3.430	4.684	4.848	3.644	3.038	4.280	4.401	679	392	404	447	679	392	404	447		
Extremadura	411	461	375	511	373	388	339	428	38	73	36	83	38	73	36	83		
Galicia	2.025	2.154	3.474	8.062	1.738	1.829	3.053	7.607	287	325	421	454	287	325	421	454		
Madrid	20.284	22.374	80.008	87.085	16.602	18.861	71.040	78.079	3.682	3.513	8.967	9.005	3.682	3.513	8.967	9.005		
Murcia	710	797	621	696	660	643	573	542	50	154	48	154	50	154	48	154		
Navarra	1.432	1.576	7.818	6.906	1.278	1.451	7.319	6.562	154	125	500	344	154	125	500	344		
País Vasco	2.338	2.329	5.214	5.098	2.008	2.004	4.188	4.228	330	325	1.026	870	330	325	1.026	870		
Rioxa	134	150	140	237	121	127	112	198	13	23	29	39	13	23	29	39		
Ceuta e Melilla	16	25	15	12	14	22	9	11	2	3	6	1	2	3	6	1		
Total	62.525	66.780	218.579	228.589	53.485	57.174	196.762	203.472	9.040	9.606	21.819	25.114	9.040	9.606	21.819	25.114		

(1) exemplares en miles

F.onte: INE, Estadística de la producción editorial de libros

CADRO 4.6.12.

Tirada e difusión da prensa escrita 2001-02 (1)

	2001		2002	
	Tirada	Difusión	Tirada	Difusión
Atlántico Diario	5.250	4.146	5.159	4.123
El Correo Gallego	27.472	22.735		
El Mundo del Siglo XXI (ed. Galicia)				
El Progreso	18.410	15.610	18.026	15.086
Faro de Vigo	50.281	42.913	50.635	42.794
ed. Ourense		1.322		
ed. dominical		53.245		
La Voz de Galicia	125.434	108.201	130.728	110.825
ed. A Coruña		79.349		
ed. Lugo		9.025		
ed. Ourense		6.035		
ed. Pontevedra		15.869		
ed. dominical		146.412		

(1) soamente os diarios controlados pola OJD
Fonte: Oficina de Justificación de la Difusión

CADRO 4.6.13.

Penetración dos medios de comunicación nas CC.AA. 2002

	Diarios	Suplementos	Revistas	Radio (1)	Televisión (1)	Cine (2)	Internet (3)
	(%)						
Andalucía	27,3	18,1	44,7	52,7	90,9	9,1	20,3
Aragón	39,8	41,3	53,3	57,3	88,2	9,5	20,6
Asturias	48,0	42,5	48,8	58,1	91,0	8,4	20,5
Baleares	46,0	30,4	61,7	50,8	86,1	12,8	24,7
Canarias	37,5	19,6	58,0	51,7	85,6	11,9	24,6
Cantabria	46,4	47,3	56,9	65,8	91,7	11,8	23,0
Castela e León	40,4	34,5	53,5	55,8	91,2	7,4	20,0
Castela-A Mancha	22,0	14,7	44,4	49,9	91,1	7,8	14,6
Cataluña	41,8	29,9	55,6	55,1	88,9	13,4	27,1
C.Valenciana	31,2	25,2	52,3	52,2	90,9	10,5	20,8
Extremadura	31,8	21,3	46,7	48,5	92,1	7,3	15,6
Galicia	42,1	35,1	43,5	51,6	89,3	7,5	18,9
Madrid	39,6	32,1	55,3	57,1	88,7	11,8	27,0
Murcia	29,3	27,0	48,9	51,7	89,9	9,1	18,9
Navarra	55,4	49,0	50,4	56,5	91,2	6,7	20,9
País Vasco	59,3	57,3	57,4	65,7	92,7	10,5	27,1
A Rioxa	37,3	40,5	47,4	61,4	91,2	6,8	23,3
Total	37,4	29,5	51,4	54,7	89,9	10,2	22,5

(1) audiencia acumulada diaria
(2) polo menos unha vez na última semana
(3) uso nos últimos 30 días
Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación

CADRO 4.6.14.

Espectadores e recadación nos centros con actividades culturais 2001-02

	Galicia				España			
	Espectadores		Recadación		Espectadores		Recadación	
	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002
	(en miles de €)							
Artes escénicas	350.110	432.736	1.461,9	1.764,9	11.648.035	13.522.899	122.349,8	163.866,7
Teatro	314.101	350.769	1.013,9	1.363,4	9.643.094	10.975.500	80.450,9	114.442,0
Danza	19.513	55.934	290,5	150,8	895.302	1.502.362	13.680,1	17.545,9
Género lírico	16.496	26.033	157,5	250,7	1.109.639	1.045.037	28.218,9	31.878,8
Música clásica	370.217	376.506	1.050,6	446,1	5.396.040	5.355.614	33.988,8	35.136,6
Música popular	1.232.000	1.580.559	3.364,7	4.032,2	22.704.123	26.035.569	84.926,1	105.501,3
Concertos e recitais	1.209.820	-	3.330,8	-	21.894.290	-	79.029,9	-
Cine	5.707.297	-	22.427,2	-	143.288.558	139.805.000	606.890,2	627.353,0

Fonte: Sociedad General de Autores de España

Consumo diario de radio e televisión nas CC.AA. 2000-02

	2000		2001		2002	
	Radio	Televisión	Radio	Televisión	Radio	Televisión
	<i>(media de minutos sobre o total da poboación)</i>					
Andalucía	90	236	87	232	95	244
Aragón	90	197	99	200	106	204
Asturias	121	220	107	204	108	223
Baleares	88	195	81	196	88	214
Canarias	99	190	87	198	100	212
Cantabria	104	238	114	228	128	230
Castela e León	99	216	95	218	104	247
Castela - A Mancha	76	251	86	291	96	259
Cataluña	109	225	104	232	106	227
C. Valenciana	95	232	98	231	108	244
Extremadura	80	239	72	240	87	245
Galicia	73	189	75	183	89	214
Madrid	93	226	99	234	108	244
Murcia	101	225	90	236	97	228
Navarra	96	226	91	215	109	225
País Vasco	102	211	101	225	125	233
A Rioxa	96	196	105	212	104	229
Total	95	222	94	226	103	235

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación

na semana antes da enquisa, foi do 7,5% (10,2% no conxunto estatal), 1,1 puntos superior ó rexistrado no ano 2001. Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia presenta un grao de penetración deste medio superior ó rexistrado en Navarra (6,7%), A Rioxa (6,8%), Extremadura (7,3%) e Castela León (7,4%).

En relación á **radio** e a **televisión**, o grao de penetración dos mesmos é do 51,6% e o 89,3%, respectivamente, sendo estas porcentaxes uns catro puntos porcentuais superiores ás rexistradas no ano anterior. Comparado coas diferentes comunidades autónomas, Galicia é a terceira comunidade con menor grao de penetración no caso da radio e a sexta no da televisión.

O consumo medio diario de radio da poboación galega incrementase no ano 2002, para acadalo 89 minutos (75 minutos no ano anterior) fronte ós 103 minutos de media do conxunto estatal. Comparado coas outras comunidades, neste ano Galicia se converte na terceira comunidade con menor consumo diario, por diante de Extremadura e Baleares.

No caso da televisión, o consumo medio diario medra ata os 214 minutos (183 minutos no ano precedente) fronte ós 235 minutos de media en España. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia é unha das comunidades con

menor consumo, superando a Aragón (204) e Canarias (212).

Finalmente, hai que facer mención ó uso de **internet** en Galicia. O grao de penetración en Galicia deste medio de comunicación medra no ano 2002 máis de 4,3 puntos, para acadalo 18,9%. No conxunto do Estado, a porcentaxe de persoas que usou internet nos últimos 30 días foi do 22,5%, 2,1 puntos máis que no ano anterior.

Participación cívica

A análise da participación cívica céntrase nos datos das fundacións de interese galego e asociacións que figuran nos rexistros e censos da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude.

O **cadro 4.6.16.** amosa que a 28 de febreiro de 2003 hai rexistradas un total de 14 fundacións de interese galego na devandita consellería (esta encárgase de asesorar, informar e tutelar a aquelas fundacións que perseguen, entre os seus fins, o apoio á familia, infancia e xuventude e a promoción e formación en materia de emprego), das que 8 están emprazadas na provincia de A Coruña.

No concernente ás asociacións, na devandita data hai rexistradas un total de 1.742 aso-

CADRO 4.6.16.

Participación social 2002 (1) : Fundacións de interese galego e asociacións (2)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Resto España	Total Galicia
Fundacións de interese galego	8	-	2	4	-	14
Directorio de asociacións						-
Familia, infancia e menores	193	50	53	138	22	456
Minorías étnicas	30	1	12	17	1	61
Muller	191	131	132	194	4	652
Entidades de Xuventude	203	96	131	143	-	573
Asociacións	128	47	87	101	-	363
Entidades prestadoras de servizos	75	49	44	42	-	210

(1) recolle aquelas que figuran nos rexistros e censos da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

(2) a 28 de febreiro de 2003

Fonte: Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, Directorio de fundacións e asociacións

ciacións, das que 573 corresponden a entidades de xuventude (363 asociacións e 210 entidades prestadoras de servizos), 652 a asociacións de mulleres, 456 a asociacións de familia, infancia e menores, e 61 asociacións de minorías étnicas. ■